

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 19 de maio de 2009

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Carlos López Font
D. Eudasio Álvarez Álvarez
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. José Manuel Mariño Mendoza

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a María Jesús Lago Rey
D. Angel Rivas González

D^a Laura López Atrio
D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día dezanove de maio de dous mil nove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(687).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(688).- DECLARACIÓN DE CESANTE DE D. DOMINGO MIGUEL ARIAS NO SEU DEREITO Á TOMA DE POSESIÓN DUNHA PRAZA DE MÉDICO-PSIQUIATRA ADSCRITA AO CEDRO EN EXECUCION DA SENTENZA N° 628, DO 23.05.01, DO TSXG, E PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE D. FRANCISCO ABEL OTERO LAMAS COMO FUNCIONARIO DE CARRERIA CON CARGO A DITA PRAZA VACANTE.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 18.05.09, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 23 de maio do 2001 o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia dictou sentenza no recurso nº 380/1990, interposto por D. Domingo Miguel Arias contra a resolución do Ilmo. Sr. Alcalde-Presidente de 16 de xaneiro do 1998, na cal literalmente se fallou:

“Que debemos estimar y estimamos el recurso contencioso-administrativo (en la pretensión formulada con carácter subsidiario) deducido por D. Domingo Miguel Arias contra Resolución del Ilmo. Sr. Alcalde de Vigo de dieciséis de enero de mil novecientos noventa y ocho (sic), sobre nombramiento como funcionario en plaza de médico a D. Francisco Abel Otero Lamas; y debemos anular y anulamos dicho acto administrativo por no encontrarlo ajustado al Ordenamiento jurídico, debiendo el Tribunal calificador de la prueba de autos valorar los méritos del recurrente, a acreditar por el mismo en la forma que señala dicho Tribunal; sin hacer pronunciamiento respecto al pago de las costas devengadas en la substanciación del procedimiento.”

Contra a dita resolución xudicial, o Concello de Vigo e D. Francisco Abel Otero Lamas interpuxeron recurso de casación perante o Tribunal Supremo, que foi resolto por Sentenza do 5 de marzo do 2002 (recurso nº 214/2002), desestimando o Alto Tribunal os recursos de casación presentados.

2.- Tendo sido instada a execución da sentenza por D. Domingo Miguel Arias, e manifestada pola representación legal do Concello a imposibilidade legal e material de execución da sentenza, como figura na documentación adxunta ao presente expediente administrativo- en Auto de data 10/02/2009 –notificado ao Concello o 26/02/2009 e ao Servizo de Recursos Humanos o 02/03/2009- o TSXG require ao Concello para que no prazo de 20 días naturais se proceda á execución efectiva da sentenza nos termos do disposto no fundamento xurídico único do mesmo, debendo informar en todo caso con carácter previo acerca da data e forma en que procedeu a deixar sen efecto o Decreto do 30 de decembro do 1997 anulado polo fallo de cuxa execución se trata.

3.- En cumprimento do mandato xudicial referenciado, a Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria do 17 de marzo do 2009 (expediente administrativo nº 18.876/220) acordou:

“PRIMEIRO.- Proceder ao efectivo cumprimento do mandato xudicial contido na Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia dictada no recurso nº 380/1990, interposto por D. Domingo Miguel Arias contra a resolución do Ilmo. Sr. Alcalde-Presidente de 16 de xaneiro do 1998, na cal literalmente se fallou:

“Que debemos estimar y estimamos el recurso contencioso-administrativo (en la pretensión formulada con carácter subsidiario) deducido por D. Domingo Miguel Arias contra Resolución del Ilmo. Sr. Alcalde de Vigo de dieciséis de enero de mil novecientos noventa y ocho (sic), sobre nombramiento como funcionario en plaza de médico a D. Francisco Abel Otero Lamas; y debemos anular y anulamos dicho acto administrativo por no encontrarlo ajustado al Ordenamiento jurídico, debiendo el Tribunal calificador de la prueba de autos valorar los méritos del recurrente, a acreditar por el mismo en la forma que señala dicho Tribunal; sin hacer pronunciamiento respecto al pago de las costas devengadas en la substanciación del procedimiento.”

SEGUNDO.- Deixar sen efecto o Decreto da Alcaldía-Presidencia de data 30 de decembro do 1997, nos termos do esixido na parte dispositiva do Auto do TSXG do 10 de febreiro do 2009 en relación co fundamento xurídico único, acordando en consecuencia o cese de D. Francisco Abel Otero Lamas, con nº de persoal 77.458, na súa condición de funcionario de carreira do Concello de Vigo con

praza de médico-psiquiatra adscrito ao posto de traballo denominado “Xefe/a do Servizo do CEDRO” (código 315.01, código retributivo 041) tendo efectos económicos e administrativos do día seguinte ao da data de adopción do presente acordo.

TERCEIRO.- Convocar, ao abeiro do disposto no Auto do TSXG do 10 de febreiro do 2009, o órgano de selección encargado de realizar as actuacións ordenadas pola sentenza que se executa, nos termos do disposto na Lei 7/2007, do 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público, cuxos concretos integrantes deberán designarse por resolución do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, na cal adicionalmente se fixará data, hora e lugar de celebración da fase de valoración dos méritos.

O dito órgano de selección estará composto polos seguintes membros:

-Presidente: funcionario con habilitación de carácter estatal ou técnico de administración xeral ou especial, funcionario de carreira do Concello de Vigo.

Corresponde ao Presidente/a acordar as convocatorias das sesións ordinarias e extraordinarias, presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas, asegurar-lo cumprimento das leis, dirimir co seu voto os empates nos termos legalmente previstos, visar as actas e certificacións dos acordos do órgano de selección e as demais que lle outorgue a lexislación vixente.

-Secretario: funcionario con habilitación de carácter estatal ou técnico de administración xeral (rama xurídica) funcionario de carreira do Concello de Vigo, que intervirá con voz e sen voto, con funcións de asesoramento legal ao órgano de selección, custodia dos exames e actas, elaboración de actas dos acordos e informe xurídico en relación cos recursos administrativos que poidan presentarse contra os actos e acordos do órgano de selección. Igualmente deberá realizar as funcións previstas no artigo 25 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999.

-Vogais: tres funcionarios de carreira (ou persoal estatutario dos Servizos de Saúde ex artigo 2.4 da Lei 7/2007, do 12 de abril) de calquera das Administracións Públicas (Administración do Estado, Administración Autónoma ou Administracións Locais) encadrados no subgrupo A1, que comparecerán en todo caso a título individual, propostos polo Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal.

Simultaneamente cos titulares designarase aos respectivos suplentes. Os seus integrantes deberán absterse de tomar parte no proceso selectivo cando concorran as causas recollidas no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999. Asemade, os aspirantes poderán recusar aos mesmos nos supostos previstos no artigo 29 da mesma norma.

Este órgano terá carácter colexiado e estará integrado por 5 membros, debendo ter todos eles titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza. Actuarán con voz e voto -a excepción do Secretario- cumprindo os principios de profesionalidade, imparcialidade e comparecencia a título individual contidos no artigo 60 da Lei 7/2007, do 12 de abril, así como os xerais esixidos no artigo 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, anteriormente citada.

CUARTO.- Dar conta do presente acordo ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ós oportunos efectos en relación coa resolución xudicial que se executa, a través do Servizo de Asesoría Xurídica

do Concello, notificando asemade o mesmo ao funcionario cesado, Intervención Xeral, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e organización e Negociado de Seguridade Social) e Comité de Persoal aos efectos que procedan.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

4.- Realizada a totalidade das actuacións contidas no antedito acordo da Xunta de Goberno Local de data 17/03/2009, e constituído novamente o órgano de selección por Resolución do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal de 20/03/2009, o Sr. Domingo Miguel Arias foi nomeado funcionario de carreira con cargo a unha praza vacante de médico psiquiatra adscrita ao CEDRO por novo acordo da Xunta de Goberno Local de 6 de abril do 2009, notificado ao interesado o 20 de abril do 2009 segundo acuse de recibo obrante no expediente.

5.- O Sr. D. Domingo Miguel Arias compareceu no Servizo de Recursos Humanos do Concello no prazo establecido ao efecto, manifestando a súa vontade de tomar posesión da praza e simultaneamente ser declarado na situación de excedencia por incompatibilidade, debido a que se atopa na actualidade prestando servizos no SERGAS. Sendo informado acerca da necesidade de acreditar o seu pase á situación administrativa ou laboral que procedese no seu posto de traballo ou praza de orixe –aos efectos de que a toma de posesión se materializase nos termos da legalidade vixente– manifestou o comparecente a súa vontade de consultar dito aspecto coa súa representación legal, non materializándose o acto de toma de posesión, significándose que á data de hoxe non consta nin comparencia do mesmo neste Servizo, nin presentación de escrito ou solicitude algunha declarativa de vontade de toma efectiva de posesión da praza obtida por sentenza.

Consecuentemente, procedería analizar a viabilidade de declaración de decaimento no seu dereito de D. Domingo Miguel Arias, así como a cobertura da praza vacante na actualidade.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- O artigo 103.2 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, establece que as resolucións xudiciais firmes son de obrigado cumprimento na forma e nos termos que nestas se consignen; no mesmo senso se manifesta o artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, cando afirma que as sentenzas haberán de cumprirse nos seus propios termos.

A vixente Constitución de 1978 contempla no seu artigo 118 a obrigatoriedade de cumprir-las sentenzas e demais resolucións firmes emanadas dos xuíces e Tribunais, así como a de prestar a colaboración requirida por éstes, tanto no curso do proceso coma na execución do resolto.

A Administración Pública está suxeita, no desenvolvemento da súa actividade, ó principio constitucional do pleno sometemento á Lei e ó Dereito (artigo 103); no apartado 2 do artigo 103 da citada Lei 29/1998 se consigna a obriga que teñen todas as persoas e entidades -públicas e privadas- de

prestar toda a colaboración requirida polos xulgados e tribunais do Contencioso-Administrativo para a debida e completa execución do resolto. É no apartado 4 do mesmo onde se establece que son nulos de pleno dereito os actos e disposicións contrarios ós pronunciamentos das sentenzas que se dicten coa finalidade de eludir o seu cumprimento.

No artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial xa citada preceptúase que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respetar, e, no seu caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que teñen gañado firmeza ou sexan executables de conformidade coas leis.

Tal e como sinala o Tribunal Constitucional na Sentenza 66/1982, de 12 de novembro, e que constitúe criterio xurisprudencial, “...o artigo 24 da Constitución Española, en canto que garante a todas as persoas o dereito a obter a tutela efectiva de xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, implica o recoñecemento dos efectos das resolucións dos tribunais predeterminados pola Lei por todos os órganos do Estado”.

II.- O mandato xudicial ten sido cumprido por este Concello de Vigo nos termos do esixido na propia sentenza; nembargantes, a situación xenerada pola falta de exercicio do dereito á toma de posesión por parte do Sr. D. Domingo Miguel Arias debe ser analizada dende unha dobre óptica, que abarque os requisitos da toma de posesión como funcionario de carreira expresamente previstas nas Bases Xerais e Específicas correspondentes ás Oferta de Emprego Público do Concello de Vigo de 1996, así como as consecuencias da falta de materialización do dito acto en prazo.

Primeiramente, debe salientarse que o artigo 62 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, establece que a condición de funcionario de carreira adquirese polo cumprimento sucesivo dos seguintes requisitos:

- a) Superación do proceso selectivo.*
- b) Nomeamento polo órgano ou autoridade competente, que será publicado no Diario Oficial correspondente.*
- c) Acto de acatamento da Constitución e, no seu caso, do Estatuto de Autonomía correspondente e do resto do ordenamento xurídico.*
- d) Toma de posesión dentro do prazo que se estableza.*

Dentro do acatamento á Constitución e ao resto do ordenamento xurídico debe entenderse lóxicamente comprendido o feito de non estar incurso en causa de incompatibilidade en canto á relación laboral ou de servizo coa Administración Pública; así, a Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao servizo das Administracións Públicas, non prohíbe que unha persoa poda manter diversas relacións de emprego ou de servizo con distintas ou coa mesma Administración, pero sí prohíbe a permanencia en situación de servizo activo en máis de unha relación de emprego ou de servizo, e consecuentemente, a multiplicidade na ocupación de prazas e postos. Como sinala CORRAL VILLALBA, JUAN (“MANUAL DE XESTIÓN DE PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN LOCAL”, 2ª Edición, Ed. Thomson Civitas) se o novo empregado público, ao tomar posesión ou ao formaliza-lo contrato, viñese desenvolvendo algunha actividade pública ou percibindo algunha pensión, debe optar por permanecer en activo en unha das relacións: a nova ou a anterior.

Como xa se sinalou nos antecedentes, tal circunstancia foi advertida ao Sr. Miguel Arias.

Adicionalmente, debe salientarse que as “Instruccións Interpretativas para a aplicación do Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/ as ao servizo do Concello de Vigo”, aprobadas pola Corporación o día 28 de decembro de 1998 e actualmente en vigor, establecen na súa Instrucción Primeira que “tódolos postos desempeñanse en réxime de “Dedicación exclusiva”, excepto aqueles ós que a Excma. Corporación Municipal lles autorice a compatibilidade e conste así na relación de postos de traballo. De conformidade co previsto no apartado 4 do art. 16 da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades no Sector Público, só poderá recoñecerse compatibilidade para o exercicio de actividades privadas ó persoal que desempeñe postos de traballo que comporten a percepción de complementos específicos, ou concepto equiparable, a contía do cal non supere o 30 % das súas retribucións básicas, excluídos os conceptos que teñan a súa orixe na antigüidade. Exceptúase de dito límite o caso de “Profesor Asociado de Universidade”, así como as actividades de investigación e asesoramento nos termos previstos no art. 6º da Lei de Incompatibilidades.”

Por outra parte, as vixentes “INSTRUCCIÓNS SOBRE PLANTILLA E RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO DO PERSOAL O SERVICIO DA CORPORACIÓN E DOS SEUS ORGANISMOS AUTÓNOMOS PARA O EXERCICIO 2009”, aprobadas conxuntamente coa Relación de Postos de Traballo correspondente ao ano 2009 (BOP nº 53, do mércores 18 de marzo do 2009) en concreto nas Instruccións Primeira e segunda, contemplan igualmente o réxime de adicación exclusiva dos postos de traballo en relación coa percepción das retribucións e a incompatibilidade inherente aos mesmos nos termos do previsto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, modificada pola Disposición Final Terceira da citada Lei 7/2007, do 12 de abril.

As Bases Xerais e específicas rectoras da Oferta de Emprego correspondente ao ano 1996 contemplan expresamente (Base IV, apartado f) das Xerais) a esixencia de non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

En canto ao segundo dos aspectos –falta de materialización da toma de posesión en prazo- as propias Bases Xerais preceptuaban con meridiana claridade (Base XV-TOMA DE POSESIÓN) que:

“Unha vez nomeados polo órgano competente, notificaráselles ás persoas interesadas para que tomen posesión na data que se lles indique. Quen non o faga sen causa xustificada declarararanse en situación de cesantes.

Na dilixencia de toma de posesión farase consta-la manifestación do interesado de non vir desempeñando ningún posto ou actividade no sector público, e que non realiza actividade privada incompatible ou suxeita a recoñecemento de compatibilidade, así como non atoparse percibindo pensión de xubilación, retiro ou orfandade, por dereitos pasivos ou por calquera réxime da Seguridade Social, público ou obrigatorio”.

Á vista de todo o anterior, parece procedente a declaración na situación de cesante -e consecuentemente o decaimento no seu dereito a ser nomeado con cargo á praza vacante de médico psiquiatra adscrito ao CEDRO – do Sr. D. Domingo Miguel Arias, nos termos do establecido nas propias bases.

III.- Sendo declarado o Sr. Miguel Arias como cesante, e permanecendo a praza vacante, debe considerarse a existencia de outro aspirante que, tendo superado os exercicios -e conseguinte fase de concurso- do proceso de selección convocado en execución da resolución xudicial firme, está en condicións de ser noemado, quen resulta ser o Sr. D. Francisco Abel Otero Lamas, con DNI

36.047.540-P, que acredita ter obtido unha puntuación total de 19,95 puntos, de xeito tal que se estima axustado á legalidade vixente propoñer o seu nomeamento como funcionario de carreira, toda vez que no Capítulo I de gastos dos Orzamentos Municipais do Concello de Vigo para o presente ano 2009 a praza controvertida está dotada orzamentariamente.

IV. Sen prexuízo das competencias que o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en canto ó cumprimento dos mandamentos e exhortos procedentes das autoridades xudiciais relacionados co persoal municipal, delegadas por Decreto da Alcaldía de 02/01/2004, corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para acordar a declaración da situación de cesante proposta en

relación co Sr. D. Domingo Miguel Arias e o posterior nomeamento do Sr. D. Francisco Abel Otero Lamas como funcionario de carreira, de conformidade co establecido no artigo 127.1.h) da vixente Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local.

Consecuentemente, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a aprobación da seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“PRIMEIRO.- Declarar na situación de cesante, e consecuentemente decaído no seu dereito a ser nomeado funcionario de carreira con cargo a unha praza vacante de médico psiquiatra adscrita ao CEDRO, ao aspirante D. MIGUEL ARIAS, DOMINGO, por falta de materialización da toma de posesión no prazo outorgado ao efecto, nos termos do establecido na Base XV das Bases Xerais e Específicas rectoras da Oferta de Emprego correspondente ao ano 1996 (BOP nº 69, do venres 11 de abril do 1997).

SEGUNDO.- Nomear funcionario de carreira con cargo a unha praza vacante de MÉDICO PSIQUIATRA NO CONCELLO DE VIGO ADSCRITA AO CEDRO (Área de Benestar Social) correspondente á OEP do Concello de Vigo do ano 1996 ao aspirante OTERO LAMAS, FRANCISCO ABEL, seguinte aspirante na lista resultante do proceso de selección realizado en execución de sentenza, cunha puntuación total de 19,95 puntos, segundo se contén na acta do Tribunal Cualificador do 30 de marzo do 2009, quedando obrigado a participar no primeiro curso de coñecemento de lingua galega que organice o Concello, nos termos da Base IX, 2) das Bases Xerais e específicas rectoras da Oferta de Emprego correspondente ao ano 1996 (BOP nº 69, do venres 11 de abril do 1997).

TERCEIRO.- Dispoñer que o aspirante nomeado D. FRANCISCO ABEL OTERO LAMAS deberá tomar posesión da súa praza como funcionario de carreira no prazo de 20 días naturais contados desde a notificación do presente acordo, nos termos do disposto nas Bases xerais e específicas rectoras da Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 1996 (BOP nº 69, do venres 11 de abril de 1997, Bases XII e XV) e artigo 23 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso, provisión de Postos de traballo e promoción profesional, significándoselle que de non facelo no prazo outorgado sen causa xustificada será declarado en situación de cesante, segundo a Base XV.

CUARTO.- Dar conta do presente acordo ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ós oportunos efectos en relación coa resolución xudicial que se executa, a través do Servizo de Asesoría Xurídica do Concello, notificando asemade o mesmo aos interesados/as, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e organización e Negociado de Seguridade Social) e Comité de Persoal aos efectos que procedan.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(689).- RECTIFICACIÓN DE ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL DO 26.12.06 PARA DEIXAR SEN EFECTO O DOCUMENTO ECONÓMICO AD Nº 200800012703 E INCORPORACIÓN DO CRÉDITO DISPOÑIBLE DE 118.636,50 € Á REMANENTE DO ORZAMENTO DO ANO 2009. EXPTE. 51027/250.

A Xunta de Goberno local retira este expediente.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.